A xuízo da informante, a argumentación do acordo de adxudicación é válida e coherente e os razoamentos do recorrente non desvirtúan a mesma. En calquera caso, lembramos que estes contratos non se tiveron en conta para acreditar a solvencia do licitador, como se verá máis adiante.

c) Contratos con certificacións deficientes que non achegan os datos necesarios para coñecer as características do contrato ou que foron achegados en fase de subsanación

Neste apartado a UTE recorrente cita unha serie de contratos e relaciona a documentación achegada para acreditar os mesmos, ao seu xuízo insuficiente, e en apoio da súa tese finaliza citando un extracto da Resolución nº2/2016 do TACRC que se refire a certificados que non han de terse en conta por ser de data anterior ao tres últimas anualidades.

Esta Administración está de acordo en que os certificados para ser admitidos deberán reunir os requisitos esixidos pola lei.

Pero non procede discutir si as certificacións dos contratos a que se refire cumpren ou non os requisitos legais por canto, non consta no acordo de adxudicación que se ha xan tido en conta para dar por acreditada a solvencia técnica.

d) A maioría dos contratos achegados atópanse en fase de execución

Alega o recorrente que á vista da documentación achegada por CLECE, pódese apreciar que a maioría dos contratos están en fase de execución. A continuación enumera os que, ao seu xuízo, atópanse neste suposto e finaliza manifestando que “é doutrina reiterada do Tribunal ao que nos diriximos, que os contratos achegados polos licitadores para a acreditación da solvencia técnica, teñen que ser contratos que finalicen e que en todo caso, a súa vixencia permaneza en vigor” E cita en apoio desta tese as resolucións do TACRC 194/2012 e 2/2016. Efectivamente, tanto a doutrina dos órganos consultivos como a dos tribunais administrativos especiais é unánime en considerar que os contratos para ser tidos en conta deben estar finalizados, criterio respectado polo órgano de contratación. Por todos

eles, citamos o informe 5/2006, de 24 de marzo de 2006, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, plenamente aplicable tanto ao caso que nos ocupa como ao do apartado anterior. Segundo o mesmo, a JCCA entende:

1. “Que a expresión “últimos anos” que utilizan os artigos 17 b), 18 a) e 19 b) da Lei de Contratos das Administracións Públicas debe ser interpretada no sentido de comprender o mesmo ano da convocatoria de licitación.
2. Que, no entanto, para iso é preciso que o contrato se executase, sen que sexa suficiente a adxudicación.
3. Que os contratos executados han de ser acreditados con certificados de boa execución expedidos polos órganos adxudicadores, sen que sexa suficiente meras relacións das empresas segundo resulta dos artigos 17 b) e 18 a) da Lei de Contratos das Administracións Públicas e do artigo 47.7 B) do Regulamento General da Lei de contratos das administracións públicas”.

No entanto, a xuízo da que subscribe, debería diferenciarse, á hora de esixir que os contratos achegados para acreditar a solvencia estean finalizados, os contratos de concesión do resto dos contratos típicos, cuxa duración, como moito alcanza os 6 anos do contrato de servizos. E iso porque, tratándose de contratos cuxa duración pode alcanzar os 50 anos, parece excesivo non permitir a un licitador diligente, e que está a prestar o servizo correctamente e a satisfacción da Administración, non poder concorrer a outras licitacións públicas durante un período tan dilatado de tempo.

Do mesmo xeito que sucede no caso do apartado anterior, non procede discutir si as certificacións dos contratos a que se refire son de contratos aínda non finalizados, pois non consta no acordo de adxudicación que se ha xan tido en conta para dar por acreditada a solvencia técnica.

Podemos concluír que CLECE acreditou con fartura a súa solvencia técnica, como se desprende das numerosas certificacións achegadas. E aínda que ten razón o licitador en que algunhas se refiren a contratos de concesión de servizos non finalizadas e outras non cumpren os requisitos legais, hai que recoñecer que achega certificacións dunha longa lista de contratos que non foron obxecto de discusión polo recorrente, e que sí cumpren os requisitos legais. Así, por exemplo, si temos en conta o ano 2012, no mesmo CLECE acredita prestar servizos por importe de € a través dos seguintes contratos:

- Servizos de control e mantemento e socio sanitarios no complexo acuático municipal Xetafe norte (1.089.542,40 €).
- Xestión do complexo asistencial de Vallecas para persoas maiores afectadas de Alzheimer (4.114.981,90 €).
- Xestión da residencia de maiores afectados pola enfermidade de Alzheimer de Xetafe (1.627.278,88 €).
- Atención a persoas maiores dependentes (residencia e centro de día) de Madrid-Ventilla (3.423.291,41 €).
- Atención a persoas maiores dependentes (residencia e centro de día) de Madrid-Ensanche de Vallecas (2.664.887,94 €).

E aínda que algúns destes contratos comprenden non só prestacións relativas ao obxecto do contrato que nos ocupa, conforme ao exposto neste fundamento xurídico, poden ser ti-

dos en conta, pois estes centros teñen piscinas e ximnasia e abarcan moitas das prestacións incluídas no obxecto do mesmo.

A informante considera que procede, ao fío do exposto, solicitar do Tribunal a inadmisión da alegación segunda.

-VIII-

Conclusiones

Á vista do exposto ao longo deste informe, en opinión da que subscribe procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso, pois, tal e como se manifestou no fundamento xurídico IV, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei para a súa admisión.

Con respecto ao fondo do recurso, unha vez analizados, nos fundamentos xurídicos VI e VII deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da JGL de 23 de marzo de 2017, de adxudicación do procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliar e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasia das Travesas e o Berbés, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas pola UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., no seu escrito de recurso.

-IX-

Medidas cautelares

Solicita o recorrente que se imponha a medida cautelar de suspensión do procedemento. Dado que esta medida é de obrigada adopción polo tribunal no caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, esta Administración nada ten que obxectar respecto diso.

-X-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(380).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS

ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 15315/333.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” a SENES CIT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificando no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.</i>	<i>95,50</i>
2	<i>SERVIPLUSTOTAL, S.L.</i>	<i>84,25</i>
3	<i>PABLO CASAL NUÑEZ.</i>	<i>34,76</i>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o

seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 943,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 25 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 de febreiro e 31 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 38.284,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.644,40 euros e por un prezo unitario hora de prestación do servizo de 32,42 euros (5,62 euros de IVE).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(381).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE PETICIÓN DE SUSPENSIÓN DO ACTO IMPUGNADO E DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO EN EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2017. EXPTE. 29243/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/04/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por Acordo Plenario de data 27/12/2016 procedeuse á aprobación dos Orzamentos Municipais para o ano 2017; no marco do mesmo e dentro do Capítulo I de gastos, contéplanse unha serie de modificacións no cadro de persoal orzamentario relativas ao persoal eventual que, unha vez aprobadas definitivamente, deben ter a súa correspondencia no documento da relación de postos de traballo municipal (RPT).

Segundo.- En sesión de data 02/11/2016 foi abordada en mesa Xeral de Negociación a negociación do Capítulo I dos Orzamentos Municipais para 2017, e consecuentemente, do cadro de persoal orzamentario e da execución do mesmo. Na acta da mesa Xeral de Negociación consta “Dase conta da proposta de orzamentos do concello de Vigo 2017 que presentan as seccións sindicais CIG-CCOO-UXT, que se incorporan como anexo a esta acta (Anexo II)... Así mesmo, foron dotados tres novos postos de persoal eventual (2 asesores/as Alcaldía e 1 auxiliar eventual)”

Terceiro.- En data 04/01/2017 e a vista da vixencia en data 01/01/2017 dos Orzamentos Municipais para o ano 2017, ditouse polo Concelleiro- Delegado da Área de Xestión Municipal (Delegación competencial efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data), instrución de servizo aos efectos de dar

cumprimento aos acordos plenarios adoptados en relación co axuste do cadro de persoal orzamentario para o 2017 en canto ao persoal eventual, ordenando a incoación de expediente administrativo tendente á tramitación, con carácter urxente, de modificación puntual da vixente RPT que permita o axuste dos postos de traballo de persoal consonte ás previsións orzamentarias para 2017 e, conseguintemente, formalizar os nomeamentos de persoal eventual conforme ás mesmas.

Carto.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 13/01/2017, adoptou acordo de “modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte.- 29243/220.”

Quinto.- En data 17/01/2017, en cumprimento do preceptuado no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o devandito documento expónse ao público no Servizo de Recursos Humanos deste Concello durante o período de 20 días hábiles, aos efectos de presentación de alegacións, sinalando que no suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, consideraranse definitivamente aprobados, nos termos da normativa citada.

Sexto.- O 27/02/2017, certifícase que durante o prazo sinalado no edicto deste Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia no17 de data 25/01/2017, para a exposición pública e presentación de reclamacións ao expediente de “modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte.- 29243/220”, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha alegación.

Séptimo.- O anuncio de aprobación definitiva da “Modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo, en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte 29243-220”, foi publicado no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra no43 de data 02/03/2017.

Oitavo.- O día 31/03/2017, D. Enrique Alonso Rodríguez, secretario da sección sindical de CCOO do Concello de Vigo, actuando en nome e representación da mesma, interpón Recurso de Reposición contra a “Modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo, en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte 29243-220”. Solicita a nulidade de mesmo por adoeecer dun requisito procedimental fundamental como é o da negociación colectiva.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. Debe a priori recoñecerse o Sindicato actor a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dada a directa vinculación da actividade dun sindicato que representa o persoal que presta seus servizos no Concello de Vigo, con un acordo da Xunta de Goberno local de modificación puntual da vixente RPT.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 02/03/2017., foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo á “modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte.- 29243/220.”, presentando o recurso o día 31/03/2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para resolvelo (31/03/2017), sendo o silencio negativo desestimatorio, segundo o artigo 24 da citada Lei 39/2015.

Segundo.- En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, *son inmediatamente executivos (artigo 98)*. En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.” No presente caso, a execución do acto impugnado, non xenera prexuízos irreparables, toda vez que únicamente trátase da execución dun acordo plenario que fai necesaria a modificación puntual da RPT. Polo contrario, a situación actual do procedemento, no caso da suspensión, pode perxudicar á Administración. Polo tanto non se cumpren os requisitos do artigo 117 da Lei 39/2015

Terceiro.- En canto o fondo do asunto e como consideracións previas:

O artigo 90 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que “Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual. Las plantillas deberán responder a los principios de racionalidad, economía y eficiencia y establecerse de acuerdo con la ordenación general de la economía, sin que los gastos de personal puedan rebasar los límites que se fijen con carácter general.

2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.” O artigo 4 do citado corpo legal recoñece a potestade de autoorganización dos municipios como administración pública de carácter territorial.

Pola súa parte o artigo 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público no apartado pri-

meiro realiza unha larga enumeración, perspectiva positiva do precepto, das materias obxecto de negociación. O apartado segundo do citado artigo 37, dende unha perspectiva negativa, exclúe da obrigatoriedade da negociación colectiva, entre outros puntos, as decisións que afecten ás potestades de organización, concepto que debe ser entendido en sentido estricto, é dicir, estruturación das competencias dos órganos da administración, a elección das modalidades de xestión dos servizos públicos e a dotación e asignación de medios. Caso de repercutir nas condicións de traballo as consecuencias de tales potestades si procede a negociación, como di o segundo inciso do parágrafo 2a) do citado artigo 37 de TREBEP.

Máis como dixo o Fundamento Xurídico Terceiro da STS de 6 de febreiro de 2007, “la locución “condiciones de trabajo” no pode extenderse al punto de comprender toda regulación que afecte a un determinado cuerpo de funcionarios sono que ha de limitarse a las circunstancias que repercutan en la forma en que se desempeñe el trabajo en un puesto determinado”.

Ilustrativa a estos efectos é a Sentenza do noso Tribunal Supremo de 9 de abril de 2014, que resume a xurisprudencia vixente na materia que agora nos ocupa, “...La STS de 24 de junio de 2011, recurso de casación 366/2009 confirma la sentencia anulatoria de instancia que anula el acuerdo municipal que aprueba un presupuesto general y la plantilla y la relación de puestos de trabajo en cuanto crea cuatro plazas de policía municipal sin haber observado el requisito de la previa negociación con los sindicatos. En el FJ 3º *se focaliza la razón de decidir en que la creación de cuatro nuevas plazas en la Relación de Puestos de Trabajo forma parte de las materias que deben ser objeto de negociación conforme al art. 37 EBEP.*

3. La STS de 26 de octubre de 2011, recurso de casación 4992/2010 examinó una sentencia en la que lo originariamente impugnado era la aprobación de la plantilla y la modificación de la relación de los puestos de trabajo, también con invocación por la Corporación Local del art. 90.1 de la LBRL y la innecesariedad de sometimiento a negociación.

La razón de decidir radica en el enjuiciamiento de la RPT.

Se dijo en su FJ 5º que “el hecho de que la RPT afecte a materias de indole económica, no choca con que esta afectación tenga que tener su reflejo necesariamente en los Presupuestos del Ayuntamiento y en otros instrumentos normativos, y ello es consecuencia de la complementariedad del ordenamiento jurídico” *concluyendo en la necesidad de la negociación colectiva cuando la relación de puestos de trabajo afecta a las condiciones de trabajo.*

Todo ello tras citar la STS de 6 de julio de 2011, recurso de casación 2580/2009, con amplia cita jurisprudencial anterior respecto a que *la preceptiva negociación colectiva exige que la concreta actuación de la Administración “tenga un contenido sustantivo y una incidencia en la ordenación de las condiciones de trabajo”.*

4. Lo dicho en la precedente sentencia fue reiterado en la STS de 8 de octubre de 2012 al resolver el recurso de casación 5914/2010 dada la coincidencia de los motivos de recurso promovido por la Corporación municipal recurrente en relación a idénticos acuerdos municipales cuyo FJ Tercero reproduce los FJ Quinto y Sexto de la STS de 26 de octubre de 2011.

5. En la STS de 15 de octubre de 2012, recurso de casación 4067/2011 confirma la sentencia de instancia cuyo recurso se habían impugnado dos acuerdos sobre una modificación de plantilla y una relación de puestos de trabajo, por no haber sido objeto de negociación.

Como dice el FJ 1º la sentencia de instancia anuló la relación de Puestos de Trabajo aprobada el 31 de octubre de 2008 en lo que hace a la falta de adscripción de puestos a zona o servicio y declaró nula la RPT aprobada el 19 de diciembre de 2008 por no haber sido objeto de negociación colectiva.

El FJ focaliza en ambas Relaciones de Puestos de Trabajo.

6. En la STS de 22 de octubre de 2012, rec. casación 2959/2011, se confirma la sentencia de instancia sobre el incumplimiento de las previsiones contenidas en los arts. 34 y 37 del EBEP en la aprobación de los presupuestos municipales impugnados que recoge plazas de nueva creación, personal de confianza con especificación del correspondiente grupo y coste anual de cada una de ellas lo que supone, FJ séptimo, *“aspectos económicos y de contenido sustantivo con incidencia en las relaciones de puestos de trabajo que, sin duda alguna conlleva una clara repercusión en las condiciones de trabajo del personal funcionario y laboral”*.

Todo ello tras esgrimir en el FJ 6º, inciso final, "Sentencias de este Tribunal de 18 de mayo de 2011 (recurso 3199/09), 24 de junio de 2011 (recurso 366/09), 30 de noviembre de 2011 (recurso 6505/08) y 10 de julio de 2012 (recurso 6484/10), entre otras, en las que se exige el requisito de la negociación colectiva cuando el contenido del presupuesto o de la resolución de que se trate afecte a las condiciones de trabajo del personal funcionario o laboral".

7. La reciente STS 8 de noviembre de 2013, recurso de casación 3105/2012 e cita la STS de 21 de junio de 2013, recurso de casación 926/2012 con cita de otras muchas SSTS anteriores respecto a que *“las relaciones de puestos de trabajo deben ser objeto de negociación colectiva.”*

Da xurisprudencia vixente na materia podemos concluír que ***o determinante para considerar preceptiva a negociación colectiva previa é que a concreta actuación da Administración afecte ou teña repercusión nas condicións de traballo dos funcionarios públicos***, isto é que teña un contido sustantivo e unha incidencia na reordenación das condicións de traballo, no ben entendido de que, como é destacado polo Tribunal Supremo, a mera referencia a aspectos relativos a esas condicións de traballo, sin entrar en súa regulación nin en súa modificación, non require de dita negociación colectiva previa, xa que mencionalos non significa entrar en seu réxime nin variar o seu contido (entre outras STS de 9 de febreiro de 2004 ou de 22 de maio de 2006).

Adicionar que *deben negociarse aquelas relaciones de postos de traballo que procedan a súa creación*(STS de 6 de xuño de 2012, recurso de casación 4691/2009)

8. También se ha prestado atención a la supresión o a la amortización siendo precisa la preceptiva negociación por lo que invoca la STS de 18 de julio de 2012 , recurso de casación 5734/2011 en cuanto entiende que “afectan a las condiciones de trabajo, aun cuando lo sean como consecuencia del ejercicio de las potestades organizativas de la Administración”, con cita de las SSTS, de 7 de mayo de 2010 recurso de casación 3492/07, de 2 de diciembre de 2010, recurso de casación 3717/09 y 6 de junio de 2012 , recurso de casación 4691/09”.

Carto.- O recorrente solicita en primeiro lugar a nulidade do Acordo modificación puntual da vixente RPT por entender que adoece dun requisito esencial como é o da negociación colectiva. Así alega que na contestación de data 18 de decembro de 2016, ás alegacións presentadas aos orzamentos municipais do 2017 solicitando a nulidade da tramitación dos mesmos por falta da correspondente negociación colectiva, se comunica o seguinte “...segundo o

previsto no réxime xurídico e organizativo dos municipios sometidos ao réxime de grande poboación -introducido por Lei 57/2004, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local- o Pleno carece de competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo e das súas modificacións (v. artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local) estando dita atribución legalmente residencia na Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985). Por tanto, parece carente de virtualidade xurídica grande parte da motivación sustentadora da alegación presentada pola sección sindical de CC OO, enfocada principalmente na obriga de negociación colectiva da relación de postos de traballo, que será efectuada no momento procedimental oportuno." En base a elo, afirma literalmente que "como é que agora, "momento procedimental oportuno", non se procedeu á convocatoria de ningunha mesa de potenciación."

En dita alegación o recorrente desvincula as conclusións do Informe de data 18 de decembro de 2016, dos fundamentos xurídicos do mesmo, nos que concreta que "a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local citada, e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación anteriormente referenciado..."; para despois dar contestación as alegacións presentadas presentadas por o agora recorrente, as que reproduzo facendo miña a fundamentación, xa que entendo que dan resposta o recurso agora presentado, e elo na medida que o mesmo recurso reitera as alegacións presentadas no seu día pola sección sindical de CCOO. Así literalmente: "... Polo que respecta á alegación presentada pola sección sindical de CC OO no Concello de Vigo, indícase que no procedemento seguido para a elaboración e aprobación do orzamento se teñen seguido os trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.

Neste senso, sinálase que xa en data 15/11/2016 (documento nº 160154265) a sección sindical citada presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello, respostado en data 16/11/2016 mediante comunicación da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal indicando que:

"Visto o escrito presentado en data 15/11/2016 pola sección sindical indicada, pola presente comunícaselle o seguinte:

-O marco legal da negociación colectiva nas Administracións Públicas está establecido no capítulo IV, artigos 31 a 46 (ambos inclusive) do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e que constitúe marco de legalidade común aplicable á negociación das condicións de traballo de persoal funcionario e laboral ao servizo das entidades locais.

-A negociación colectiva no ámbito do sector público, segundo o previsto no artigo 33 do TREBEP, está suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3,c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e no previsto no capítulo da lei indicado.

Precisamente, no exercicio da boa fe negocial, e previa a negociación colectiva ao efecto, a Xunta de Goberno Local aprobou en data 04/12/2015 os "Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo" (expediente administrativo nº 26.805/220); criterios que, debe lembrarse, foron consensuados cos sindicatos, recollendo as súas suxeccións, tal e como consta en comunicación electrónica do Comité de data 06/10/2015 incorporada ao expediente electrónico referido.

No teor literal dos ditos criterios contéplase que:

"VII.- RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS

1. As sesións da Mesa Xeral de Negociación poden ser:

a) Sesións ordinarias: celebraranse cunha periodicidade mínima de unha sesión cada 6 meses.

b) Sesións extraordinarias: sen a periodicidade anterior, poderase reunir a Mesa Xeral cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

-A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar.

-Cando o solicite algunha das partes, previa xustificación da urxencia.

2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio da convocatoria cunha antelación mínima de 10 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.

As convocatorias das sesións extraordinarias efectuaranse cunha antelación mínima de 24 horas.

3. Para a válida constitución, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e adopción de acordos, se requirirá a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou no seu caso, de quen lle substitúa, e polo menos a metade dos membros de cada parte."

Por tanto, e dada a urxencia na aprobación dos Orzamentos Municipais, en atención ao procedemento de tramitación contemplado no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -que contempla un período de exposición pública- resultaba imprescindible a urxente convocatoria da mesa xeral de negociación con carácter extraordinario, tendo a dita convocatoria plena cobertura tanto no marco normativo vixente como nos criterios internos que a Xunta de Goberno Local determinou aplicables.

-En canto ao resultado da negociación colectiva, debe indicarse que a obriga de negociación constitúe unha obriga de medios e non de resultados, concretada na preceptividade de sometemento a negociación cos actores sindicais lexitimados de un determinado asunto ou materia, pero en modo algún na obrigatoriedade de acadar un acordo.

Doutrina que avala a xurisprudencia do Tribunal Supremo en SSTS de 4 de xullo do 2007 (Casación 3492/2002); STS de 22 de setembro do 2010 (casación 3860/2007); STS de 29 de maio do 1997 (Recurso 290/1994); STS de 11 de maio do 2004 (Casación 1490/1997); e STS de 29 de maio de 1997 (Recurso 290/1994); sentenzas que recolle a STS do 13 de ou-

tubro do 2010 (Casación 3043/2007, Sala do Contencioso-Administrativo) sinalando ésta última, e a título ilustrativo (fundamento xurídico terceiro) que:

“La negociación es el instrumento principal y el repertorio de materias negociable, nominalmente muy extenso, se halla contenido en el artículo 31 d ella Ley 9/1987, cuya forma imperativa (será objeto de negociación en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública) sugiere el carácter estrictamente obligatorio de la negociación previa, se alcance o no un resultado, y requiera o no el acuerdo alcanzado el refrendo o la regulación por parte del órgano de gobierno de la Administración (...).”

Por esta Concellería-delegada téñense posto todos os medios para acadar un acordo e téñense avaliado as propostas sindicais, sen prexuízo do cal, á hora de elaboración do documento final, se tiveron en conta as previsións contempladas no marco legal vixente en materia orzamentaria.

...

Por tanto, non resulta veraz a manifestación de que se está a vulnerar o dereito á negociación colectiva, dado que por esta Concellería -e dentro do axustado dos prazos que a calendarización na aprobación do documento orzamentario tense fixado pola Concellería-delegada da Área de Facenda e Orzamentación- non só se ten procedido á convocatoria da Mesa Xeral, senón que se ten entregado a documentación técnica relativa ao Capítulo I de gastos aos sindicatos presentes na Mesa -entre os que se atopaba CC OO- sen que conste que ningún deles se opuxera á aprobación dos Orzamentos. Na mesma mesa Xeral, a Concellería indicou a disposición favorable da mesma á consideración das propostas sindicais na medida do legal e economicamente viable e procedente.

Engadir que os integrantes na Mesa negociadora expresaron súas opinións ó respecto (na acta recollese “tras un breve debate, e non habendo mais asuntos a tratar, remata a sesión”), sin que a reunión merecera ningunha obxección nin reproche aos que estaban alí presentes. Non formuláronse queixas ó respecto, non parece que houbera na sesión unha falta de coñecemento previo que lles impedise tratar, debater e opinar sobre a cuestión da negociación do Capítulo I dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2017.

Así, en cumprimento do artigo 37.2,a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP que indica a necesidade de sometemento a negociación colectiva as decisións das Administracións Públicas que afectan ás potestades de organización, cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos, celebrouse a sesión de data 02/11/2016 na que foi abordada en mesa Xeral de Negociación a negociación do Capítulo I dos Orzamentos Municipais para 2017, e consecuentemente, do cadro de persoal orzamentario e da execución do mesmo. Na acta da mesa Xeral de Negociación consta expresamente “Dase conta da proposta de orzamentos do concello de Vigo 2017 que presentan as seccións sindicais CIG-CCOO-UXT, que se incorporan como anexo a esta acta (Anexo II)... Así mesmo, foron dotados tres novos postos de persoal eventual (2 asesores/as Alcaldía e 1 auxiliar eventual)...”.

O acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 13/01/2017, adoptou acordo de “modificación puntual da vixente RPT, diversos postos de traballo en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017. Expte.- 29243/220.” Nos antecedentes consta que “**en estricta execución de dito acordo plenario**, faise necesaria a modificación puntual da vixente de RPT no senso acordado”

Concebidas as RPTs como instrumento técnico de ordenación do persoal, a negociación podería verse moi mermada en principio, xa que o artigo 37.2 a) do TREBEP exclúe da obriga

de negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización; non obstante, pese o carácter organizativo das RPTs, opera a negociación nos termos do segundo inciso do artigo 37.2 a) TREBEP na medida que as decisións das Administracións Públicas que afecten as potestades de organización, teñan repercusión sobre as condicións de traballo dos funcionarios públicos... En principio, e así o mantén a xurisprudencia, parece impoñerse a tese de que a aprobación e as modificacións esenciais das RPTs que repercuten nos empregados públicos deben ser obxecto de negociación. En canto á aprobación, enténdese que deben negociarse as RPTs, sen que poda argumentarse que formaría parte da potestade organizativa da Administración (STS 20 de outubro de 2008). Entrarían dentro dos aspectos xerais que deben ser negociados todas as modificacións de estas relacións que cambien aspectos esenciais. Polo contrario, cando as modificacións son menores, porque non alteran a natureza dos postos, centrándose mais ben na organización da Área, pódese entender que se está ante a potestade de organizar a propia Área, non sería esixible a previa negociación.

Así as cousas e aplicando a xurisprudencia citada no apartado segundo dos fundamentos de dereito de esta resolución temos que, sendo o **determinante para considerar preceptiva a negociación colectiva previa que a concreta actuación da Administración afecte ou teña repercusión nas condicións de traballo dos funcionarios públicos**, resulta evidente que no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 13 de xaneiro de 2017, non se modificou condición algunha, sino que executouse o acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais 2017, e para a negociación do Capítulo I dos citados orzamentos celebrouse a preceptiva Mesa de Negociación. En atención a todo o exposto anteriormente, debe desestimarse o recurso presentado.

A maiores, o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común, recolle no artigo 47 as causas de nulidade de pleno dereito, afirmando que os actos das Administracións públicas son nulos de pleno dereito, entre outros, os dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, interpretando a xurisprudencia o precepto citado no sentido de que non é suficiente que se incumpriran un ou varios trámites por importantes que sexan, se non que é preciso que se producira unha omisión total do procedemento, ou ven por ausencia completa de trámite ou ven por seguirse un procedemento diferente o legalmente establecido (STS 2 de marzo do 2000).

O artigo 48 da lei 39/2015 anteriormente citada, dispón no seu apartado 2º que o defecto de forma so determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar seu fin ou de lugar á indefensión dos interesados. Son numerosas as sentenzas que se pronuncian no sentido de que as posibles irregularidades na tramitación de expedientes administrativos non son suficientes para proceder á anulación do acto se non se producira indefensión do afectado, entre as que podemos citar a título de exemplo a STS de 3 de febreiro de 2011. A tenor do citado precepto entendo que no caso que nos ocupa, non produciuse indefensión para o recorrente, toda vez que dispuxo dun trámite de alegacións durante o período de información pública, sen que sinalara durante a mesma nin un so motivo de discrepancia coa modificación acordada nin denunciou a antixuridicidade das previsións contempladas no capítulo de persoal máis alá da omisión da convocatoria da Mesa de Negociación.

En atención a todo o exposto, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro,

de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada por por D. Enrique Alonso Rodríguez, secretario da sección sindical de CCOO do Concello de Vigo, actuando en nome e representación da mesma.

Segundo.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto por D. Enrique Alonso Rodríguez, secretario da sección sindical de CCOO do Concello de Vigo, actuando en nome e representación da mesma.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(382).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 29691/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/04/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 14 de febreiro de 2017, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos mínimos eque garanta o funcionamento das Bibliotecas públicas da cidade.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 22 de marzo de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de

Bibliotecas, nos termos da petición realizadas polos técnicos responsables do Servizo e do Concelleiro-delegado da Área de data 14 de febreiro de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 18/04/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

II .- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lie encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa

emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da técnica de Bibliotecas e do Concelleiro-delegado da Área de Cultura de data 14 de febreiro de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 22 de marzo actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, prorrogado para o presente ano, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal que vai permitir a atención da Biblioteca Pública municipal, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno e, as previstas no artigo 169.1 .e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación deste Servizo, dependente da Área de Réxime Interior, como servizo público esencial, infórmase favorablemente ao devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

IV.- Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha subalterno/a para o Servizo de Bibliotecas, supón un gasto de **10.358,81€**, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.392.51€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

V.- Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de

setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de 11 prazas de subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión das súas prazas como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

Non existindo ningún/ningunha candidato/a na lista anterior en condicións de ser nomeado/a e aos efectos de efectuar o correspondente nomeamento, procede recorrer a outra lista de similar categoría, neste caso a resultante da bolsa de emprego de oficial conserxe que se atopa vixente, derivada da execución da derradeira oferta de emprego público, pola similitude de moitas das funcións de ordenanza-porteiro existentes entre ámbolos dous postos de traballo, dada a urxencia producida no Servizo e, para evitar unha nova selección que suporía unha gran dilación no tempo e, o conseguinte custe que supón un novo proceso selectivo.

En consecuencia, infórmase que en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de dúas prazas de Oficial Conserxe, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 8 de xullo de 2011 a correspondente proposta de contratación laboral, formalizándose os nomeamentos como persoal laboral fixo con data 8 de agosto de 2011, trala proposta de contratación acordada pola Xunta de Goberno Local de 5 de agosto anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 19 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da

convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 18/04/2017, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como subalterno/a da aspirante que figura na posición núm. -13-**ROUCO FERNÁNDEZ, PATRICIA, DNI 36.160.546-S**, que aceptou expresamente mediante escrito de data 7 de abril actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta Sra. Rouco Fernández, Patricia non prestou servizos neste concello, polo que está en condicións de ser nomeada.

VI - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalterno/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Bibliotecas, contidas no escrito do 14 de febreiro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **10.358,81€**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. PATRICIA ROUCO FERNÁNDEZ, DNI 36.160.546-S**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Conserxe, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscrita ao Servizo de Bibliotecas (cód. 334), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10,6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, ao Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a Técnica Superior de Bibliotecas, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(383).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AXUDANTES DE OFICIOS, POR UN PRAZO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 29665/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 16 de febreiro de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios como apoio aos oficiais desinfectores da plantilla, que permita que o servizo continúe aplicando os tratamentos de mantemento e revisión para evitar que se superen os umbrais de tolerancia e se poidan producir consecuencias directas sobre saúde da poboación garantindo a salubridade pública, dando así mesmo resposta a todas as solicitudes que actualmente se reciben no servizo, agravado pola existencia de dúas vacantes de oficial desinfector dos catro postos adscritos ao mesmo e, o inminente comezo da campaña anual de desratización da cidade.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 17 de marzo de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas axudantes de oficios por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d), do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis

meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, nos termos da petición realizada polo seu xefe de Servizo de data 16 de febreiro anterior.

En cumprimento do ordenado, con data 20/04/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147-Axudante de Oficios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do

efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá, tarde ou, noite, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 16 de febreiro de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 17 de marzo actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, prorrogado para o presente ano, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de protección da salubridade pública, como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas axudantes de oficios para o Servizo de Medio Ambiente (Parque de Desinfección), supón un gasto de **21.261,66€**, ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.864,51€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos

efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vintese prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Neste intre ningún dos integrantes da referida lista reúne os requisitos para ser nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizaron o último nomeamento por acumulación de tarefas como axudantes de oficios, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D.Legislativo 5/2015 (TREBEP).

Non existindo ningún candidato na lista anterior en condicións de ser nomeado e aos efectos de poder formular a proposta de nomeamento, procede recorrer a outras bolsas de emprego de oficios, neste caso a lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, pola similitude de moitas das funcións de mantemento existentes entre ámbolos dous postos de traballo, dada a urxencia producida no Servizo, e toda vez que aínda non e posible dispoñer da lista específica de oficiais desinfectores, cuxas bases reitoras foron autorizadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/2017, expte. 27845/220, actualmente en fase de execución.

